

Marcos e Lucía son superdotados

“No colexio din que son inqueda, que non estou calado, que ás veces semella que estou noutro mundo, pero cando me preguntan algo danse conta de que non hei de estar moi lonxe do que están a explicar na clase, que aprendín a ler demasiado pronto, que sei moitas cousas que non saben os meus compañeiros...que teño ideas moi creativas e enxeñosas, que me gusta aprender e que seguramente de maior, se por fin deixo de dar a lata na clase chegarei moi lonxe”.

(Marcos, 9 anos)

“O meu profesor, está abraiado co meu sexto sentido para resolvelos problemas de matemáticas e xura e perxura que debo almorzar imaxinación todas as mañás pois moitas veces consigo chegar ó resultado correcto por outro camiño totalmente distinto ó que nos explica el. A miña profesora de literatura di que se nota cando escribo que devoro os libros, pois teño un vocabulario moi rico e unha forma de expresarme moi correcta”.

(Lucía 13 anos)



“Chámome Marcos e estudo 4º de Primaria. Gústanme moito as cousas relacionadas cás ciencias e có espazo, vexo infinidade de documentais sobre os inventos, as pirámides e descubrimentos arqueolóxicos. A miña época favorita do ano é o Nadal porque paso a maior parte do tempo cos meus curmáns maiores. No colexio, din que son inqueda, que non estou calado, que ás veces semella que estou noutro mundo, pero cando me preguntan algo danse conta de que non hei de estar moi lonxe do que están a explicar na clase, que aprendín a ler demasiado pronto, que sei moitas cousas que non saben os meus compañeiros, que a miúdo cústame cambiar de opinión sobre todo cando estamos a tratar inxustizas que palpo na miña clase ou na rúa, que teño ideas moi creativas e enxeñosas, que me gusta aprender e que seguramente de maior, se por fin deixo de dala lata, na clase chegarei moi lonxe. Na miña casa, os meus pais, teñen unha costume un pouco extraña, pois a pesar de que son fillo único e vivimos os tres sós, cando nós imos a sentar a mesa, poñen sempre 4 pratos. Miña nai di que xa que estou todo o día preguntando porqué isto, porqué aquilo outro, o porqué debe de estar un pouco farto de aturarme e tamén ten dereito a comer, para substituír forzas e seguir aturándome. Ás veces escoito ós meus pais comentar entre eles que non saben se son moi listo ou non, pois non teñen con quen compararme, pero que dende logo espabilado son, así que preocúpanse por darme unha morea de oportunidades para aprender novas cousas, é as veces enfádanse comigo polo de que falo moito na clase. ¿E eu qué? Pois eu teño un problema bastante grande. O cole resúltame un pouco aburrido, ás veces divírtome no patio, dándolle patadas ó balón eu só (cunhas regras un tanto distintas que me inventei) pero a verdade é que nas clases non hai maneira de que mo pase ben. A profesora, repite as mesmas cousas un montón de veces, eu entendo que hai algúns compañeiros que necesitan oílas cousas en máis dunha ocasión, sen embargo se eles nalgún momento van un pouco por detrás eu non comprendo porqué eu non podo ir un pouco por diante. Iso sería formidable!!!, que alguén me explicara as cousas que no Nadal vexo nos libros do cole dos meus primos maiores, que puidera facer as miñas propias investigacións, e que cando rematase as tarefas da clase e da casa, tivera uns deberes distintos, divertidos e un pouco máis complicados. O outro día no patio, souben que a un neno de 6º o adelantaron un curso, teño que pescudar mellor de que vai iso, pero dende logo vaia sorte, eu creo que botaría de menos os meus compañeiros e compañeiras, pero debe de estar a aprender un montón de cousas ben chulas.”

marcos



“Chámome Lucía e estudo 2º da ESO. Fago ballet, vou ao conservatorio (toco o violonchelo), asisto a clases de chino, monto a cabalo os sábados, gústame saír coas miñas amigas a dar unha volta os domingos e saco moi boas notas no instituto. O meu profesor está abraiado co meu sexto sentido para resolver os problemas de matemáticas e xura e perxura que debo almorzar imaxinación tódalas mañás pois moitas veces consigo chegar ó resultado correcto por outro camiño totalmente distinto ó que nos explica el. A miña profesora de literatura di que se nota cando escribo que devoro os libros, pois teño un vocabulario moi rico e unha forma de expresarme moi correcta. Tódolos profesores comentan no claustro que son unha alumna brillante. Os meus pais, non entenden como podo facer tódalas actividades que fago, destacar en todas elas, e sen apenas dedicarlle tempo ós libros sacar tan boas notas. Moitas veces nas reunións familiares recordan o curioso día en que se decataron de que lía perfectamente con case catro anos, cando me perderon nunha tenda duns grandes almacéns e aparecín na sección dos libros, sentada no chán, moi acougada, lendo un libro de intriga en voz alta; ese día ninguén me librou dunha rifa (non se dí así) tremenda pero volví para casa con catro libros que tiñan un montón de letra. A miña avoa sorrí cada vez que escoita esta historia pero sempre engade que xa a miña nai era moi lista de pequena e que moitas veces non sabía que contestarlle as súas incontables preguntas, a miña nai di que logo aconteceu a ela ó mesmo coa miña irmá Celia e comigo. Este ano, meus pais prometéronme

que se saco unha media de sobresaínte ó final do curso, irei facer un curso de inglés e máis de equitación en Bournemouth (Reino Unido), seica é un curso bastante caro, pero meus pais creen que será moi bo para o meu futuro, eu estou moi emocionada coa idea. A min gústanme todas as actividades que fago fóra do colexio e valoro que os meus pais se esforcen por pór nas miñas mans tantas oportunidades para aprender, pero non teño o valor suficiente para comentarlles que me gustaría que o colexio supoñera un reto para min, e que tamén me gustaría coñecer a outros mozos e mozas con inquiredanzas si milares as miñas. Xa sei que non está de moda sacar boas notas, non está de moda querer saber máis, non está de moda que che importe o que aprendes e a satisfacción persoal que supón superarte a ti mesma. Pero como di a miña nai igual que as homeirras vólvense a levar esta tempada, quizais algún día non moi afastado volva estar de moda o de destacar no cole, non só por sacar mellores notas có resto dos compañeiros e compañeiras senón tamén porque se valore que os mozos e mozas queremos estar sempre a aprender e aprendendo.”

Lucía



Marcos e Lucía son alumnos de altas capacidades, pertencen ao colectivo formado aproximadamente por un tres por cento da poboación escolar, nenos e nenas que mostran as seguintes características:

- teñen unha linguaxe fluída e un vocabulario amplo e avanzado para a súa idade; contan historias e vivencias con moito detalle
- aprenden de forma autónoma ou case sen axuda a realizar as tarefas difíciles para a súa idade, como por exemplo a lectura; prefiren tarefas novas fronte as habituais e repetitivas
- demandan, manexan e mostran rapidez na adquisición e retención dunha gran cantidade de información
- prefiren a compañía de persoas maiores e interésanse por temas complexos
- son persoas observadoras, manifestan gran curiosidade e fan preguntas inusuais; teñen múltiples focos de interese; ven os problemas como desafíos e gústalles a idea de resolvelos aportando solucións propias; son perseverantes cando algo lles interesa non abandonan ante a primeira dificultade; aplican o aprendido nun contexto a outras situacións diferentes
- posen gran capacidade de concentración, ignorando o seu entorno cando están ocupados; teñen gran habilidade para conceptualizar, abstraer e sintetizar; teñen unha forma de pensar moi independente; gozan creando e investigando novas formas para realizar algo; confían na súa capacidades e prefiren o traballo individualizado
- cuestiónanse, fan preguntas e amosan unha especial sensibilidade sobre temas relacionados coa moralidade, a inxustiza, os valores, ó medio ambiente, etc; son moi sensibles e adoitan precisar apoio emocional

que teñen
en común
marcos
e lucía

30%



como se
levará a cabo
a identificación
e valoración das
capacidades de
marcos e lucía?



Atendendo ós indicios, reseñados con anterioridade, o profesor/a titor/a de Marcos e Lucía coa conformidade do pai e da nai ou titores legais de Marcos e Lucía, solicitaralle ao departamento de orientación do centro que realice unha avaliación psicopedagóxica individual do alumno.

O orientador/a de Marcos e Lucía poderá contar coa colaboración do responsable da especialidade de Sobredotación Intelectual do equipo de orientación específico provincial (EOE). A identificación debe ser realizada por profesionais oficialmente acreditados e as familias deben ter información sobre o proceso que se está a seguir con Marcos e Lucía e prestar a súa colaboración.

Despois desta avaliación psicopedagóxica, concretaránse as medidas de resposta educativa a adoptar polo centros de Marcos e Lucía e outras medidas complementarias para os entornos familiares de Marcos e Lucía.

resposta
educativa

que poden facer nos centros educativos de marcos e lucía?



Nos centros de Marcos e Lucía poderían pór en marcha diversas medidas de resposta educativa:

- programas de enriquecemento horizontal (afondamento en obxectivos e contidos propios dun curso ou ciclo e abranguen aspectos como: a mellora cognitiva; o desenvolvemento da creatividade e metacognitivo e a optimización de hábitos e estratexias de resolución en distintos hábitos de traballo)
- programas de enriquecemento vertical (adaptacións curriculares nas que ampliáanse os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, pódense introudir obxectivos e contidos de cursos superiores; estas adaptacións levaráanse a cabo na aula ordinaria de Marcos ou Lucía ou/e cambiaráselles parcialmente de grupo ou/e os incorporan a grupos específicos de apoio)
- aceleracións (promoción progresiva/parcial/ ou total de Marcos e Lucía a un curso superior ao que lle corresponde pola súa idade)

O obxectivo principal dun programa de intervención para Marcos e Lucía, será proporcionarlles unha atención académica e persoal que potencie as súas capacidades e evite a súa inadaptación ou fracaso; favorecendo en todo momento, a súa integración e tratando que o traballo que se faga a cabo con Marcos e Lucía non se tilde de estraño ou espectacular, senon que se normalice na dinámica do centro.

ASAAC

Na comunidade de Galicia, contáanse con dúas alternativas, deseñadas exclusivamente para a atención fóra da escola de nenos e nenas con capacidades semellantes ás de Marcos e Lucía.

fóra do colexio,
con que alternativas
contan
marcos e lucía?

Por unha banda está o Programa de Enriquecemento para Nenos e Nenas con Altas Capacidades (que vén de recibir un accésit no marco do concurso a “USC crea a USC innova”) ofertado pola Asociación de Altas Capacidades de Galicia. Neste programa aténdese a máis de 120 familias na actualidade; conta cunha variopinta oferta de talleres para nenos e nenas superdotados dende os 6 anos ata os 18; unha escola de pais mensual e asesoramento e orientación para os nenos/as e as súas familias por parte dunha equipa de psicólogos expertos no tema da altas capacidades. Dende o curso pasado, conta tamén cun taller para os cativos e cativas precoces de entre 3 e 6 anos. Este programa desenvólvese ós sábados pola mañá cada quince días na Facultade de Psicoloxía na Universidade de Santiago de Compostela.

Por outra banda, temos o programa ESTALMAT (estimulación do talento matemático) desenvolto na facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela. Este programa vai dirixido cara nenos e nenas de 6º de Primaria e 1º da ESO, que superan unha proba de acceso que soe ter lugar a primeiros de maio, tódolos anos.

ESTALMAT



que máis poden facer os pais de marcos e lucía?



O labor principal das familias de Marcos e Lucía é apoiar o desenvolvemento das capacidades dos seus fillos/as:

- propiciándolles un ambiente rico en estímulos consonte coas súas capacidades e intereses; é importante non descoidar o seu desenvolvemento persoal e social e tampouco presiona-los ou esixir-lles de modo excesivo; hai que prestar atención a manifestacións de perfeccionismo e autocrítica, por parte de Marcos e Lucía, e neste caso axudarlles a programar actividades acordes coa realidade)

- valorar a sistematización do seu traballo diario, a continuidade, a capacidade de esforzo, a distribución horaria do seu tempo, o establecemento de prioridades, a actitude positiva co seu entorno e a humildade (có fin de que aprendan a aceptar e valorar ós demais do mesmo xeito que os demais deben aceptalo a el)

- ante ás frecuentes preguntas complicadas e moi profundas para a idade de Marcos e Lucía, os seus pais han de responder dunha forma tranquila e sinxela, sen darlle máis importancia ou sorprendese moito

- colaborar cos centros educativos de Marcos e Lucía estreitamente, basándose nunha comunicación continua e fluida, recorrendo ós seus profesores/as, titores/as, orientadores/as cando xurdan inquedanzas ou problemas.

desenvolvemento